

# Memoria de dirección

2023 – 2024



## Índice

1. Situación xeral
2. Obxectivos PXA
3. Resultados académicos
  - 3.1. Datos
  - 3.2. Avaliación do plan de mellora
4. Vicedirección
5. Xefatura de Estudos

## 1. Situación xeral

O curso 23-24 transcorreu con relativa normalidade. As incidencias e problemas de convivencia, que son os que en maior medida alteran a marcha escolar puideron abordarse polos cauces establecidos. En especial, o informe de Xefatura menciona a situación no bacharelato, cun perfil de alumnado cambiante e de expectativas moi diversas.

Con todo, os resultados académicos foron uns dos mellores da última serie histórica. Máis que polo plan de mellora emprendido desde hai uns anos, seguramente nisto teñan que ver as novidades do sistema de avaliación do novo marco lexisativo LOMLOE que remata este ano a súa rápida implantación.

Tamén debemos salientar que foi un curso con grande número de actividades complementarias e, sobre todo, extraescolares impulsadas polo plan de internacionalización e plurilingüismo.

En canto ao profesorado, debemos destacar a súa versatilidade á hora de se ir adaptando ás novas esixencias lexislativas e moi implicados coa súa propia formación. Un dos aspectos negativos recollido no informe de Xefatura trata do avultado número de faltas de asistencia por imprevistos ou baixa rexistrados este ano.

De xeito especial debemos deixar constancia da xubilación no mes de decembro do estimado profesor de matemáticas **José Luis Mayobre Antón**, despois de desenvolver grande parte da súa carreira profesional neste centro.

## 2. Obxectivos PXA

**OBXECTIVO 1: Incorporación da FP Dual á oferta educativa do centro.**

Ampliación da oferta educativa con dous ciclos de FP na modalidade dual

- Xardinaría e Floraría: comezo no 23-24
- Aproveitamento e conservación do medio natural: comezo no 24-25

**OBXECTIVO 2: Implantación da LOMLOE nos cursos pares.**

Coa incorporación dos cursos pares completouse este curso a implantación da LOMLOE. Seguindo o modelo do ano pasado podemos citar os seguintes aspectos:

- Programacións "proens"
- Materias de libre configuración: 1.º e 2.º. ESO  
Os órganos de goberno aprobaron dedicar unha hora a Matemáticas e outra ás materias de lingua: castelá en primeiro, galego en segundo.

- Proxecto competencial (ESO) e Atención Educativa (BAC).  
O proxecto de centro aprobado para o este curso tratou sobre a arquitectura e o patrimonio. Desde todos os departamentos e especialmente a Biblioteca e mais o Equipo de Dinamización Lingüística traballaron sobre este asunto. Unha parte importante recaeu nas novas materias da LOMLOE sinaladas.
- Concreción curricular
  - Traballo na comisión de coordinación pedagóxica sobre a concreción dos obxectivos ESO e Bacharelato.
  - Itinerarios e optatividade.

### OBXECTIVO 3: Asumir medidas de aforro nos fondos económicos dedicados a submestros (electricidade, gasóleo, auga), fotocopiadora e papelería, mobilidades...

Neste curso asumíronse as seguintes medidas de aforro, aínda que coa suba dos prezos e aumento de custe dos servizos principalmente do transporte non se traduciron nunha rebaixa significativa do gasto.

- Dixitalización do servizo de copias de apuntes e material didáctico: correo electrónico e aula virtual.
- Redución do calendario e horario de calefacción.
- Control do consumo eléctrico "fantasma" nos períodos non lectivos.
- Comezo do cambio das barras de iluminación por paneis led: aula 105.

### OBXECTIVO 4: Inclusión do Polo Creativo.

O principal motivo de avances significativos neste eido foi a previsión de recibir o equipamento co que finalmente non puidemos contar. Estas foron as principais liñas de actuación:

- Adecuación do espazo para o Polo Creativo: O espazo elixido foi a aula 014. Non é moi ampla, pero está situada na planta baixa e fica próxima á aula de Tecnoloxía coa que pode formar un interesante polo creativo. Realizáronse labores de limpeza, pintado e acondicionamento. No remate de curso aínda quedan traballos que acometer de cara ao vindeiro curso. Principalmente, mobiliario e decoración.
- Formación do profesorado: Creouse un seminario formado por nove docentes que recolle toda a oferta formativa do centro: PES, PT, FP: [F2306117](#).
- Actividades co alumnado: kits singulares 8M; radio; feira das ciencias.

### OBXECTIVO 5: Mellora de resultados

A actual directiva fixou a mellora de resultados para os últimos cursos nun *éxito* escolar do 90% na ESO e o 80% no bacharelato. Neste curso foi dun 91,5% na ESO e un 90% no bacharelato. *Vid. Infra*.

### 3. Resultados académicos

#### 3.1 Datos

		Promocionan	Promoción Obrigatoria	Repiten
<b>1.º ESO</b>	Mulleres <sup>(18)</sup>	<b>18</b> (100%)	-	-
	Homes <sup>(12)</sup>	<b>8</b> (67%)	3	1
		26	3	<b>1</b> (3%)
		<b>29</b> (97%)		

		Promocionan	Promoción Obrigatoria	Repiten FPB
<b>2.º ESO</b>	Mulleres <sup>(17)</sup>	<b>16</b> (94%)	-	1
	Homes <sup>(13)</sup>	<b>10</b> (77%)	-	3
		26	-	<b>4</b> (13%)
		<b>26</b> (87%)		

		Promocionan	Promoción Obrigatoria	Repiten
<b>3.º ESO</b>	Mulleres <sup>(15)</sup>	<b>13</b> (87%)	-	2
	Homes <sup>(12)</sup>	<b>10</b> (83%)	-	2
		23	-	<b>4</b> (15%)
		<b>23</b> (85%)		

		Titulan	Con algunha suspensa	Repiten
<b>4.º ESO</b>	Mulleres <sup>(17)</sup>	<b>17</b> (100%)	-	-
	Homes <sup>(16)</sup>	<b>15</b> (94%)	1	1
		31	1	<b>1</b> (3%)
		<b>32</b> (97%)		

		PROMOCIONAN		NON PROMOCIONAN	
		Hum-CC.SS	Ciencia-Tec	Huma-CC.SS	Ciencia-Tec.
<b>1.º</b> <b>BAC</b>	Mulleres (17+10)	15	10	2	-
	Homes (17+19)	13	19	4	-
		<b>57 (90%)</b>		<b>6 (10%)</b>	

		PROMOCIONAN		NON PROMOCIONAN	
		Hum-CC.SS	Ciencia-Tec	Huma-CC.SS	Ciencia-Tec.
<b>2.º</b> <b>BAC</b>	Mulleres (20+7)	18	7	2	-
	Homes (12+10)	10	9	2	1
		<b>44 (90%)</b>		<b>5 (10%)</b>	



Probas de acceso á universidade. Bacharelato  
Curso 2023 - 24. Convocatoria Ordinaria  
**Estatística**

	ABAU		Cualificación media		
	Presentados	% aptos	Bacharelato	Parte Xeral	Diferenza
<b>Media</b>	39	97%	7,72	6,780	0,94
<b>Desviación típica</b>	26	5%	0,33	0,515	0,45
<b>Intervalo de confianza (68%)</b>	[13 , 65]	[92% , 100%]	[7.39 , 8.05]	[6.265 , 7.295]	[0.49 , 1.39]

Centro			Localidade	Provincia	ABAU			Cualificación media		
					Present.	Aptos	% aptos	Bach.	Parte xeral	Diferenza
1142	IES de Mugarbos	Público	Mugarbos	Coruña (A)	32	31	97%	7,70	6,677	1,03

**FPB 1**

Matriculados: 12

Abandonos: 3

Promocionan: 9

Homes: 8

Mulleres: 1

**FPB 2**

Matriculados: 7

Abandonos/NP: 1

Acceden FCT: 4

Titulan FPB+ESO: 3

**FP Dual 1**

Matriculados: 14

Acceso FCT: 13

Fóra FCT: 4

Promocionan: 9

**4. Vicedirección**

...

**5. Xefatura de Estudos**

...